



DESCRIPCIÓN

No Concurso 7 Segundos, buscamos inspirar a creatividade e o enxeño a nivel audiovisual na comunidade educativa galega. Para logralo, convidámosvos a participar neste concurso organizado polo Facom Fest 2025 en colaboración co Club de Cine Facom.

A actividade consistirá na realización de curtametraxes de tan só 7 segundos arredor da temática FÓRA DE CAMPO. As persoas participantes terán que enfrontarse á limitación temporal e crear unha historia que diga todo o que desexa co pouco que ten.

BASES

1. A temática do concurso será o FÓRA DE CAMPO.
2. Poderá participar todo alumnado matriculado en calquera universidade ou centro de formación galegos, independentemente dos estudos que estea a realizar.
3. As incricións das curtas realizaranse a través deste formulario do 6 ao 21 de novembro.a
a) No caso de participar de xeito colectivo, só un membro do grupo deberá cubrir o formulario.
b) No formulario entregarase un enlace ao arquivo do filme, que se deberá subir a algunha das diferentes plataformas: OneDrive, Google Drive, Vimeo (con opción de descarga obrigatoriamente) ou Mega.
c) Será preciso aceptar a cesión de dereitos presentadas no formulario.
4. Poderase participar de xeito individual ou colectivo.
5. Cada persoa poderá presentar unha única peza como autora (sexa individual ou colectivamente), se ben poderá participar do equipo técnico ou artístico doutras.
6. As obras inscritas deben cumprir estas características:
a) As películas deben ter unha duración exacta de 7 segundos, sen incluír título e créditos. O título terá unha duración máxima de 3 segundos e os créditos de 4 segundos.
b) As películas deben estar en formato horizontal.
c) Formatos: .mp4, .mov ou QuickTime.
d) Códec: H.264 ou H.265.
e) As películas poden ser creadas tanto en galego como español. Se a película está feita noutro idioma, deberase entregar un arquivo con subtítulos (formato .srt) en galego ou español.
7. A persoa ou equipo gañador será anunciado e recibirá o premio na gala de peche do Facom Fest.
8. As pezas poderán estar suxeitas a ser expostas na gala de peche do festival.
9. A peza gañadora será publicada nas redes sociais do Facom Fest 2025 (@facomfest).

DESENVOLVEMENTO

A elección do gañador/a será consensuada polo Club de Cine Facom, cuxos membros exercerán como xurado. Para a decisión valoraranse a orixinalidade da proposta, a estrutura narrativa, a capacidade de síntese, a posta en escena e a adecuación á temática e ao formato. A decisión do xurado será inapelable.